



GaLE. Guía didáctica.

Galego Lingua Estranxeira. Nivel A2.

Laura Rodríguez Calderón. Licenza por formación 2014/15.

Índice.

- 1. Obxectivos educativos.**
- 2. Contidos curriculares.**
- 3. Metodoloxía.**
- 4. Orientacións didácticas.**
- 5. Actividades.**
- 6. Recursos.**
- 7. Avaliación.**

Introdución.

Nestas últimas décadas, en Galicia, a inmigración chegou a superar á emigración. Esta realidade tradúcese na chegada constante de alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo. O dito alumnado, de procedencia estranxeira, chega ás aulas coa necesidade de se incorporar en calquera nivel do ensino obrigatorio, segundo a súa idade cronolóxica, e en calquera momento do ano académico, o que supón un feito traumático tanto para o alumnado como para o profesorado.

Ao ser relativamente recente a presenza de alumnado estranxeiro nas aulas galegas, nos centros precisamos de actividades de formación, de investigación e de innovación educativa que revertan en beneficio non só dos propios centros, senón do resto do sistema educativo galego. Ademais perséguese unha formación permanente que responda a unha mellora na función docente no apoio ao alumnado estranxeiro.

Desta necesidade xurde o **proxecto GaLE (Galego Lingua Estranxeira)**, que traza unha liña de actuación para o profesorado, acompañado de materiais curriculares dixitais que se atopan á disposición de todos na páxina web do CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo: (<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippontebrozos/>).

Este proxecto pretende un punto de partida ou unha mellora na competencia do ensino do galego como lingua estranxeira para a poboación inmigrante. Polo momento, os materiais publicados na web están pensados para acadar un nivel

A2 do Marco europeo común de referencia para as linguas, equivalente ao Celga 1 e consonte as directrices da Secretaría de Política Lingüística.

A falta dun idioma común é o principal escollo que hai que superar. A experiencia de anos conclúe que, canto maior idade ten o alumnado, maior é a dificultade de adquisición do idioma. Xa que logo, destes materiais vai beneficiarse todo o alumnado estranxeiro ou descendente de familias procedentes do estranxeiro, e tamén o profesorado que o atende, pero está especialmente orientado ao alumando do 3º ciclo.

O profesorado precisará adaptarse a unha situación descoñecida na aula. Por iso é importante dispor dunha guía e uns materiais que orienten e fagan desaparecer a posible ansiedade do principio.

Este proxecto e a creación dos materiais foron posibles grazas a unha licenza de formación no curso 2014/15.

1. Obxectivos educativos.

O obxectivo da secuencia didáctica de materiais dixitais é traballar o GaLE (Galego Lingua Estranxeira). A proxección exterior da lingua galega é un labor complexo, e abrangue aspectos tan diferentes como o ensino do galego fóra do territorio e no propio territorio a unha poboación inmigrante en crecemento. Por tanto, estes materiais poderán empregarse en varias vertentes do ensino do galego como lingua estranxeira, sendo os obxectivos os seguintes:

- Adquirir o nivel A2 do idioma nos primeiros meses de permanencia no centro por parte do alumnado estranxeiro.
- Adquirir as habilidades comunicativas que permitan a inclusión educativa por parte deste alumnado.
- Atender ás necesidades lingüísticas tanto do alumnado inmigrante como do alumnado galego emigrado.
- Dar a coñecer internacionalmente a lingua galega e espertar o interese polo seu estudo, como elemento vehicular dunha cultura.

Para isto, o proxecto plantexa uns obxectivos educativos específicos:

- Facer un uso pragmático da linguaxe.
- Adquirir un léxico inicial cotián.
- Recoñecer os aspectos morfosintácticos mais elementais.
- Acadar os patróns fonolóxicos do idioma e asocialos á escrita.

2. Contidos curriculares.

GaLE desenvolve contidos curriculares en torno ao coñecemento de lingua galega acordes cos parámetros definidos por ALTE e polo Consello de Europa para o Certificado de coñecemento de lingua galega 1 (Celga 1), correspondente ao nivel A2 definido polo Consello de Europa a través do Marco europeo común de referencia para as linguas. O marco describe, de xeito global, os coñecementos que debe manexar un estudante dunha determinada lingua para poder comunicarse, así como os coñecementos e habilidades que teñen que desenvolver para poder actuar de maneira eficaz, descrición que se estende, ao mesmo tempo, ao contexto cultural onde se sitúa a lingua en cuestión.

Os materiais adaptaranse ao alumnado estranxeiro que cursa o 3º ciclo de Educación Primaria. Os contidos atenden a tres grandes bloques: Un de tipo comunicativo (capacidade de comprensión e expresión en distintos ámbitos e situacións do seu quefacer cotián: desde os privados e informais, aos públicos e formais), outro relacionado co código (coñecementos gramaticais, léxicos, fonéticos) e un último sobre coñecementos sociais e culturais relacionados con Galicia e cos galegos.

CONTIDOS CURRICULARES

Flexión de xénero e de número.

Plural.

Diferenzas no uso de nomes comúns e nomes propios

Numerais e ordinais.

Pronomes e adverbios interrogativos de uso máis común: que, quen, como, onde.

Adverbios máis comúns para a expresión de negación, afirmación,

Preposicións, conectores e enlaces de uso máis frecuente.

Construción de frases de estrutura simple.

Construción de oracións simples afirmativas.

Correspondencia entre grafías e fonemas.

Recoñecemento e pronuncia do sistema vocálico.

Recoñecemento e pronuncia dos sons consonánticos.

Nomes de países e xentilicios.

Léxico sobre características físicas de persoas, obxectos e paisaxes: cores, tamaño, forma, etc.

Léxico básico sobre estados de ánimo.

Léxico relacionado co sexo, o lugar de procedencia...

Léxico para indicar parentesco.

Léxico relacionado coas partes do corpo humano.

Léxico relacionado coas pezas de vestir.

Léxico relacionado coa vivenda, o fogar e o mobiliario doméstico.

Vocabulario básico referido á localización no espazo.

Léxico relacionado con agrupamentos poboacionais e vías públicas, distribución urbana, etc.

Léxico referido a medios e sistemas de comunicación.

Léxico relacionado co medio físico, fauna e flora.

Léxico máis habitual relacionado con alimentos, bebidas e gastronomía.

Léxico básico relacionado coa vida académica; actividades de lecer e tempo libre (deporte, espectáculos, etc.), actividades profesionais máis habituais, etc. Expresións básicas de saúdo e despedida, agradecemento, acordo e desacordo, felicitación, etc

Localización xeográfica de Galicia.

Vida cotiá dos galegos: costumes, horarios, hábitos culinarios, actividades de lecer,...

Observación da situación cultural na actualidade: feitos ou procesos máis sinalados da vida artística, literaria, etc.

3. Metodoloxía e orientacións didácticas.

No centro deberá existir un protocolo de actuación para a chegada de alumnado de incorporación tardía. O dito protocolo debe partir da empatía coa situación traumática que a familia está a vivir.

Para comezar o proceso, é conveniente asignar un guía-titor ao recén chegado. Se algún alumno ou profesor no centro fala a súa lingua, sería a persoa elixida. Esta persoa deberá amosarlle as instalacións e acompañalo nos seus primeiros meses de clase, introducíndoo no seu grupo de amigos.

Os primeiros días sería desexable imprimir as tarxetas flash e pedir axuda a todo o grupo clase para recortalas e pegalas nos obxectos do centro.

Ao mesmo tempo, xa se poden iniciar nas actividades dixitais. Fai tempo que as NNTT (Novas Tecnoloxías) e as TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) se estableceron en todos os ámbitos da sociedade para mellorar a calidade dos servizos, facéndoos máis atractivos e de maior alcance. Un dos ámbitos onde está máis espallado o seu emprego é no ensino das linguas, de xeito que os novos deseños de materiais repercuten na motivación e favorecen a participación activa entre o alumnado. É imprescindible que a aprendizaxe do Galego Lingua Estranxeira conte con material e recursos tecnolóxicos, xa que unha lingua viva é unha lingua que se pode aprender na rede.

Para tal cometido, o alumnado poderá realizar as actividades dixitais no computador da aula ordinaria. Se a aula de apoio conta cun encerado dixital ou cunha Tablet, poderase traballar dende eses dispositivos.

Isto permite asignarlle un traballo funcional dende o primeiro momento ao alumno, e que non existan tempos mortos onde se poida sentir desorientado.

Non se lle deben encomendar tarefas de baixo nivel académico, facendo una falsa equiparación entre a falta de idioma e un pobre rendemento escolar.

Por ultimo, o Departamento de Orientación, se pode adquirir una Tablet poderá maquetala coas actividades que dende este proxecto se propoñen; xa que son actividades que abranguen un grande espectro no eido da atención á diversidade, non debendo empregarse unicamente para alumnado procedente do estranxeiro.

4. Actividades.

O proxecto presenta 3 bloques de actividades:

- A selección de apps para descargar nunha tablet e poder traballar na aula coa axuda duns auriculares.
- As tarxetas flash en pdf, para imprimir e realizar todas as actividades que tradicionalmente permite este recurso: recortar e pegar nos obxectos da aula, xogos de memoria, bits...
- E a secuencia de materiais dixitais, que inclúe as seguintes actividades.

ACTIVIDADES LIM

1. A escola

1.1. A escola

1.2. A aula

1.3. Material

1.3.1. A mochila

1.3.2. Estoxo

1.4. Os números

1.5. As formas

1.6. As cores

1.7. As vogais

2. A familia

2.1. As familias

2.2. Os familiares

2.3. O xénero

3. A casa

3.1. O baño

3.2. A cociña

3.3. O salón

3.4. A vivenda

4. O corpo

4.1. O corpo

4.2. A cabeza

4.3. O brazo

4.4. A perna

4.5. Os estados de ánimo

5. A Roupa

5.1. A roupa básica

5.2. A roupa interior

5.3. A roupa de inverno

5.4. En plural

6. Os alimentos

7. Os animais

7.1. Os animais salvaxes

7.2. Os animais domésticos

8. As prantas

9. O espazo

10. O tempo

11. O Clima

12. A rúa

13. Os oficios

14. Os transportes

15. Os medios de comunicación

16. Linguaxe de cortesía

17. Xeografía

17.1. Os continentes

17.2. Nacionalidades

18. Cultura galega

18.1. Celebracións

18.2. Gastronomía

18.3. Música

18.4. Cidades galegas

5. Recursos.

Importantes e numerosos estudos acreditan os bos resultados no uso de TIC para a adquisición de idiomas. Para a aprendizaxe GLE (galego lingua estranxeira) non se atopa grande cantidade de materiais dixitais. No Grupo de Adquisición de Linguas (a aula de apoio ao alumnado estranxeiro) as posibilidades que brindan as TICs son infinitas. Tamén nas aulas ordinarias a través do programa ABALAR. Para isto, é preciso que exista un conxunto de materiais dixitais, ben sexan creados con esta intención ou seleccionados de entre os existentes. GaLE componse dos seguintes recursos matariais:

- Selección de apps para tablets para GaLE (galego lingua estranxeira).
- Paquete de tarxetas en pdf para traballar o nivel A do marco común europeo das linguas.
- Paquete interactivo de actividades para traballar no portátil, na tablet ou no encerado dixital sobre a adquisición da lingua e aspectos básicos da cultura galega.

Estes contidos están aloxados no compartimento específico da aula de GAL habilitado na páxina web do centro (vid. supra), para difundir o traballo entre a comunidade educativa (familia, profesorado galego e servizos sociais, onde imparten clases ás familias).

6. Avaliación.

Para fomentar a autonomía dun alumno que chega tardiamente ás nosas aulas é imprescindible proporcionar unha retroalimentación de calidade. De nada serve a realización de actividades por parte do alumno, se as está a desenvolver dunha maneira errónea. Este feedback é fundamental.

Coas actividades LIM propostas no proxecto GaLE, o alumnado recibe un feedback tanto avaliativo como motivacional en cada exercicio proposto. Dito feedback é inmediato, permitindo tantos intentos como o alumno desexe para acadar a meta correcta e por tanto a aprendizaxe desexada.

Posteriormente á realización da primeira unidade, “A escola”, o profesorado deberá realizar unha avaliación formativa mediante a observación de varios ítems:

- Estado de ánimo do rapaz. É necesario valorar se o alumno conserva os niveles de alerta cos que chegou ao centro ou, pola contra, presenta unha actitude máis relaxada.
- Intención comunicativa, observando se xa tenta comunicarse en situacións nas que oprecise ou segue a agardar ata que alguén se dirixa a el.
- Emprego das primeiras verbas.
- Xogo no patio.